



**Circular Informativa nº 4/2019**

**IMPAGO DOS CLUBS**

(04 de febreiro de 2019)

Na Asemblea celebrada en Santiago de Compostela o 25 de febreiro do 2018, acordouse por unanimidade dos asistentes que a Federación sería estrita en aplicación da Normativa en canto ás débedas dos Clubs, pero tamén que, en caso de solicitado algún club poderíase realizar o aprazamento dos pagos pendentes coa Federación.

Con estes acordos, chegado o vencemento do 2º prazo de pagos establecido para o 28 de xaneiro de 2019 a débeda vencida pendente de cobrar por parte da Federación superaba o 70% do total, con soamente 9 Clubs dos 28 o corrente de pago.

Esta situación impide o normal funcionamento da Federación e do estamento arbitral, do cal a Federación é mera intermediaria, provocando un plante do colectivo arbitral debido as débedas acumuladas.

Por todo isto, dende a Federación solicitamos aos clubs que aínda teñan débedas pendentes de pago que o realicen antes do próximo luns 11 de febreiro. Rematado este prazo se hai clubs que seguen mantendo débedas coa Federación valorarase a paralización das competicións ante a imposibilidade de poder desenvolveselas con normalidade.

Atentamente,



J. Ramón Baña  
Secretario Xeral



**XUNTA  
DE GALICIA**



**molten®**  
*For the real game*